



Universidade  
de Vigo  
Campus  
de Pontevedra

# Grao en belas ARTES

NOVA TITULACIÓN ADAPTADA AO ESPAZO EUROPEO  
DE EDUCACIÓN SUPERIOR

ARTE E HUMANIDADES

## BELAS ARTES

Trátase unha carreira encadrada na rama de Artes e Humanidades. O seu obxectivo é a formación, a través da creación artística e a súa análise, de profesionais capaces de identificar, entender, e desenvolver os problemas e os procesos da arte, favorecendo a reflexión e a integración da creación artística no contexto sociocultural contemporáneo. A formación que ofrece está baseada na concepción da arte como unha forma de coñecemento, integrando a práctica e a teoría nun saber facer capaz de transmitir experiencias e contidos que inciden na produción de novos coñecementos.

## ESTRUCTURA

Os estudos de Grao constan de catro cursos distribuídos en oito semestres. O título de graduado dá acceso a estudos de Posgraos (master, doutoramento)

## MERCADO DE TRABALLO

As saídas profesionais abranguen os campos seguintes:

- A creación artística (artista plástico en todas as técnicas e medios creativos)
- Creativo no ámbito audiovisual e das novas tecnoloxías.
- Creativo no ámbito da imaxe.
- Experto cultural, asesoría e dirección artística.
- Profesor (docencia e educación artística).
- Outros profesionais especialistas artísticos.

## OBXECTIVOS DA TITULACIÓN

- Dotar o estudante dos instrumentos necesarios para a integración dos seus coñecementos en procesos de creación autónoma e/ou de experimentación interdisciplinar, de maneira que poidan desenvolver a súa práctica artística en todo tipo de formatos e espazos culturais.
- Preparar o estudante para unha práctica artística profesional que lle permita tanto asumir un compromiso coa realidade contemporánea como recibir o pleno recoñecemento social das súas competencias.
- Capacitar os graduados para poderen continuar cuns estudos de posgraos nacionais ou europeos.

## ACCESO

As vías de acceso son as xerais establecidas para a Universidade, podendo cursar satisfactoriamente os estudos os titulados en calquera rama de bacharelato.

## PERFIL DE INGRESO

O perfil de ingreso é o propio dun nivel de bacharelato. As características persoais e académicas daquelas persoas que se consideran máis axeitadas para iniciar os estudos de Grao en Belas Artes son as seguintes:

- Coñecementos básicos sobre a arte e a cultura nas súas diferentes manifestacións e contextos.  
Inquedanza e curiosidade polas manifestacións da arte e a cultura contemporáneas.
- Habilidades básicas e sensibilidade para o manexo de ferramentas e materiais.
- Capacidade para a aceptación da diversidade cultural.
- Sensibilidade para a apreciación da arte e a cultura tanto como manifestacións sociais coma individuais.
- Capacidades sensoriais e perceptivas ligadas ao campo de coñecemento.
- Capacidades básicas para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.

## Primeiro Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Técnicas pictóricas	OB	6
Informática. Técnicas informáticas	OB	6
Expresión Artística. Debuxo Forma	OB	12
Antropoloxía. Antropoloxía da Arte	OB	6
Técnicas fotográficas	OB	6
Técnicas escultóricas	OB	6
Expresión artística. Materia Cor	OB	12
Historia. Historia da Arte	OB	6

## Segundo Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Pintura	OB	6
Técnicas gráficas	OB	6
Debuxo	OB	6
Arte. Linguaxe e representación	OB	6
Psicoloxía. Psicoloxía da Arte	OB	6
Imaxe en movemento	OB	6
Escultura	OB	6
Expresión Gráfica. Sistemas de representación	OB	6
Arte. Espazo e Tempo.	OB	6
Arte. Arte e Modernidade	OB	6

## Terceiro Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Producción Artística: Imaxe 1	OB	12
Producción Artística: Audiovisuais	OB	12
Filosofía da Arte	OB	6
Producción Artística: Imaxe 2	OB	12
Producción Artística: Obxecto Espazo	OB	12
Arte e contemporaneidade	OB	6

## Cuarto Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Procesos de investigación e creación	OB	6
Materias optativas (para cursar catro)	OP	24
Traballo Fin de Grao	OB	18
Transmisión. Mediación e educación artísticas	OB	6
Artes afíns	OB	6

## OPTATIVAS

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Xestión, ámbito artístico e mundo profesional	OP	6
Arte e espazo social	OP	6
Proxectos de escultura e instalacións	OP	6
Proxectos de deseño	OP	6
Proxectos videográficos	OP	6
Proxectos de debuxo e pintura	OP	6
Proxectos de arte de acción	OP	6
Proxectos fotográficos	OP	6
Proxectos gráficos dixitais	OP	6
Arte, natureza e medio ambiente	OP	6

### NOTA

As materias optativas deberán cursarse no primeiro semestre do cuarto curso

### Outórganse un máximo de 6 créditos por:

Participación en actividades culturais universitarias, deportivas, de representación estudantil, solidarias ou de cooperación.

Recoñeceranse así mesmo os estudos realizados no marco de convenios nacionais e internacionais subscritos pola universidade.

T Troncal OX Optativa xeral

O Obrigatoria LE Libre elección

OP Optativa obrigatoria

### Ficha

Titulación	Gráo en Belas Artes
Centro	Facultade de Belas Artes de Pontevedra
Nº anos académicos	4
Curso implantación	00/01
Data B.O.E.	12/10/00

### Créditos totais

Obrigatorios	Optativos	Libr. config.	Trab. Fin. Grao	Totais
180	36	6	Si	240

### Información

Facultade de Belas Artes  
Rúa Maestranza, 2  
36002 Pontevedra  
Tif. 986 801 800 Fax. 986 813 639  
mail. sdfba@uvigo.es

[www.belasartes.uvigo.es](http://www.belasartes.uvigo.es)